
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA IMPLEMENTAR VARIAS MELLORAS NA INTEGRACIÓN DA ESTACIÓN INTERMODAL NO BARRIO DA PONTEPEDRIÑA

No pasado mes de xuño o grupo municipal de Compostela Aberta reuniuse coa Asociación Veciñal da Pontepedriña para interesarse polos principais problemas do barrio, ocupando un deles a maioría das reivindicacións e temas tratados nesa visita ao barrio.

Trátase da deficiente integración da recente construción da pasarela e estación de autobuses da Intermodal e a súa integración no barrio. En concreto a veciñanza solicita:

- A elaboración dalgún mural nos muros de formigón da pasarela, e que se estude a posibilidade de rebaxalos nos puntos en que parecen ter unha altura pouco xustificada
- O axardinamento ou acondicionamento dunha parcela que actualmente é privada para o seu uso público e comunitario
- A humanización da praza coa instalación de bancos, o acondicionamento de espazos para estacionar bicicletas, a sinalización da contorna, ou a instalación de papeleiras
- A revisión dos tempos do semáforo para peóns, que actualmente teñen só 22 segundos para cruzar máis de 22 metros en liña recta, o que supón unha velocidade de 3,6km/h; que poden chegar a ser ata 40 metros no caso de que o desprazamento se faga na liña diagonal que marca o sentido natural da circulación peonil
- A mellora da accesibilidade para persoas invidentes en toda esa mesma contorna

Tendo en conta o anterior, e para que se atendan as demandas da veciñanza e se escoite a súa voz, desde o grupo municipal de Compostela Aberta **SOLICITAMOS:**

- Que se escoiten e se atendan con celeridade as demenadas da Asociación Veciñal da Pontepedriña para conseguir unha mellor integración da estación Intermodal co barrio.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021



Marta Lois González
GRUPO MUNICIPAL

Portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA